

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Ordenanza reguladora dos hortos urbanos de titularidade municipal

1031

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2010, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora dos hortos urbanos do Concello de Culleredo. Transcorridos os prazos sinalados nos artigos 49 b) e 65.2 da vixente Lei 7/85, sen presentarse alegación ou requirimento algún, enténdese definitivamente aprobado o texto que se publica como Anexo e que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DOS HORTOS URBANOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Exposición de motivos

O Proxecto “ Formación para a Sostenibilidade Ambiental: Hortos Urbanos e Familias Sostibles” do Concello de Culleredo, inclúe o deseño e posta en funcionamento dunha Rede de Hortos Urbanos (RHU) a raíz da cal articularanse actuacións de visibilización e posta en valor da iniciativa de cara a sensibilizar e mobilizar á poboación local en cuestións relacionadas co desenvolvemento sostible, favorecendo así, a través da asunción de prácticas medioambientalmente responsables, o aumento da conciencia medioambiental e con isto, a adquisición de valores que fomenten a conservación da natureza.

Os hortos urbanos ecolóxicos configúranse como un posible punto de partida hacia unha mellor educación ambiental, convertindo aos/ás cidadáns/ás en voluntarios/as ambientais que participan dunha maneira activa e exemplar na propágación da idea de desenvolvemento sostible.

As persoas maiores que viven no noso concello aínda conservan na súa memoria a estreita relación que mantiveron coa terra nos seus tempos xóvenes, ben porque proceden de zonas agrícolas ou porque a interrelación entre o campo e a cidade era moi estreita.

A maioría de persoas de idade teñen unha grande cantidade de tempo libre e moitos deles/delas atópanse en boas condicións físicas. Poden aportar ademáis coñecementos e experiencias para recuperar e manter unha tradición agrícola que se está a perder.

Conservar estes coñecementos e unilos ás novas tecnoloxías respetuosas co medio ambiente é un labor importantísimo que eles poden aportar á sociedade a través da creación e mantemento de hortos urbanos ecolóxicos.

Os mozos e mozas encontrarán nesta actividade unha saudable alternativa para os seus momentos de ocio e a posibilidade de establecer unha relación interxeneracional.

A poboación adulta en xeral terá a oportunidade de realizar unha actividade de produción e consumo de produtos agrícolas saudables e económicos, levar a cabo unha experiencia enriquecedora de relación cos demais e a participación activa nas estratexias de Sostenibilidade do Concello de Culleredo.

Capítulo I. Principios generales.

Artigo 1. Obxecto da ordenanza.

A presente ordenanza pretende regular as actividades desvoltas nos hortos urbanos do Concello de Culleredo, constituídos como espazos de uso público municipal, habilitados para o cultivo hortícola, as relacións entre os usuarios/as, a súa constitución como comunidade, e a relación entre ésta e o Concello de Culleredo.

Artigo 2. Situación.

Os hortos urbanos do Concello de Culleredo ocupan unha superficie 3.625 m² cultivables para este fin e sitos no Pazo de Vilaboa “Villa Melania” (parroquia de Rutis. Localización: Avda. de Vilaboa 42. Vilaboa – Rutis).

Artigo 3. Obxectivos específicos dos hortos urbanos.

- Fomentar a participación cidadá no desenvolvemento sustentable.

- Promover a educación ambiental no concello.
- Establecer e valorar as relacións entre o medio natural e as actividades humanas.
- Facilitar o contacto directo e a manipulación de elementos como a terra, a auga, as plantas etc., proporcionando unha experiencia enriquecedora.
 - Coñecer as técnicas de cultivo da Agricultura Ecolóxica.
 - Fomentar a adquisición dunha serie de valores que nos motiven a sentir interese e preocupación por conservar a biodiversidade e os hábitats naturais das especies hortícolas tradicionais e autóctonas.
 - Crear unha rede local de sementes destinada ao intercambio entre os/as participantes do proxecto.
 - Fomentar o consumo local de produtos.
 - Fomentar a relación interxeneracional a través da transmisión por parte dos nosos/as maiores, aos máis novos/as, das tradicións rurais populares en materia agrícola, cultural e social, contribuíndo a fixar estes coñecementos e valores.

Capítulo II. Regulación da autorización para ser usuario/a dos Hortos Urbanos.

Artigo 4. Requisitos para ser usuario/a.

Son requisitos para ser usuario/a os seguintes:

1. Ser maior de idade.
2. Estar empadroadado/a en Culleredo cunha antelación mínima de seis meses.
3. Estar capacitado/a para cultivar un pequeno horto sen que supoña un risco para a súa saúde.
4. Estar ao corrente de pago das súas obrigas tributarias ou doutra clase co Concello de Culleredo.
5. Non traballar outro horto particular, propio, cedido ou en arrendamento.

Artigo 5. Solicitude.

A solicitude de usuario/a dos Hortos Urbanos do Concello de Culleredo formalizarase segundo modelo proporcionado polo Concello, ao que se adxuntará a seguinte documentación:

1. Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade (D.N.I.).
2. Volante de empadramento.
3. Dúas fotografías tamaño carné do/a solicitante e do/da cotitular.
4. Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Culleredo.
5. Informe médico onde se indique que o/a solicitante e o seu/súa cotitular, poden realizar traballos sen risco para a súa saúde.

O/a usuario/a poderá integrar na súa solicitude á súa parella, respecto da cal aportárase a documentación referida no apartado anterior, ademais do volante que acredite a convivencia.

Artigo 6. Adxudicación.

6.1. A adxudicación das parcelas realizarase mediante sorteo público entre os/as solicitantes.

6.2. No sorteo teranse en conta os seguintes criterios:

Dividirase en tres o número total de hortos, distribuíndoos de forma proporcional ao número de solicitantes de cada un dos seguintes tres grupos:

- Xubilados/as ou maiores de 65 anos.
- Adultos (maiores de 36 anos).
- Xóvenes de entre 18 e 35 anos.

A cada parcela correspóndelle un número, reflectido no plano que se exporá públicamente

Sortearanse entre os/as solicitantes de cada un dos grupos de poboación os hortos que correspondan a cada categoría.

6.3. Cada solicitante soamente terá dereito a unha única parcela. A estes efectos, os/as adxudicatarios/as que sexan membros da mesma unidade familiar terán a consideración dun único usuario.

6.4. Do sorteo levantarase acta por un funcionario da Área de Formación e Emprego do Concello de Culleredo, quen formulará proposta de adxudicación ao órgano competente do Concello de Culleredo.

Artigo 7. Lista de espera.

Os/as solicitantes que non obtiveran horto no devandito sorteo integraranse nunha lista de espera para cada un dos distintos grupos e ordeada de maior a menor antigüidade na solicitude.

A lista de espera será de acceso público.

Capítulo III. Réxime das autorizacións.**Artigo 8. Autorización.**

8.1. A resolución do órgano competente atribúe ao/á titular ou cotitulares no seu caso o uso común especial do correspondente horto para o cultivo hortícola.

8.2. O uso común especial axustarase ao establecido no acto administrativo do seu otorgamento e a esta Ordenanza.

8.3. A autorización extenderase por un prazo de tres anos, prorrogables anualmente ata un máximo de dez.

8.4. A autorización será intransmisible, sen perxuício de que no caso de que o/a titular se encontrare en incapacidade sobrevenida para a actividade ou falecemento, poida o/a cotitular, se o houbera, seguir exercendo a actividade polo tempo que reste para a caducidade da autorización.

Artigo 9. Contido da autorización.

Na resolución pola que se confire a adxudicación faranse constar as seguintes condicións xerais:

- a) O réxime de uso do ben.
- b) O réxime económico ao que queda suxeita a autorización, no seu caso.
- c) A asunción da responsabilidade que poida derivarse do exercicio da actividade autorizada.
- d) A aceptación da revocación polo Concello de Culleredo, sen dereito a indemnización, por razón de interés público, se resultara incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produza danos no dominio público ou menoscabe o uso xeral, ou se destinare o espacio a outros fins de interés público.
- e) A reserva por parte do Concello da facultade de inspeccionar o ben obxecto da autorización, para garantir que se axusta aos termos da autorización.
- f) As condicións especiais ás que se refire esta Ordenanza.

Artigo 10. Revogación.

10.1. En canto autorización de uso especial do dominio público local, poderá ser revogable por razóns de interese público sen dereito a indemnización algunha.

10.2. Á finalización do prazo de autorización ou ben á súa revogación, a persoa usuaria deberá devolver o horto nas debidas condicións de uso, totalmente libre e á súa enteira disposición.

10.3. O Concello de Culleredo queda expresamente facultado para declarar de oficio a extinción de calquera dos dereitos de uso que quedaran constituídos sobre os hortos cedidos ou a ocupación das mesmas, recuperar a súa posesión, acordando no seu caso, o deshaucio administrativo nos termos da lexislación local en materia de bens.

10.4. A revogación esixirá o correspondente procedemento con audiencia dos/as interesados/as.

Artigo 11. Caducidade da autorización.

Son causas de caducidade da autorización as seguintes:

- a) A finalización do período de autorización.
- b) A imposibilidade física de realizar os traballos ou a defunción do/da titular, sen perxuício do previsto no artigo 8.4 desta Ordenanza.

Artigo 12. Extinción da autorización.

12.1. Son causas de extinción da autorización as seguintes:

- a) O incumprimento grave das normas da presente ordenanza.
- b) O incumprimento grave das normas de convivencia.
- c) O abandono do cultivo da parcela sen causa xustificada nun período superior a catro meses.
- d) A non realización da actividade personalmente.
- e) O uso da parcela para fins distintos dos recollidos nesta ordenanza.

- f) A realización de obras sen autorización municipal.
- g) A perda de tres puntos por faltas de asistencia nun ano.

12.2. A extinción da autorización esixirá o correspondente procedemento con audiencia dos/das interesados/as.

Capítulo IV. Réxime de dereitos e obrigas dos/das usuarios/as.

Artigo 13. Compromisos do Concello de Culleredo.

1.- O Concello de Culleredo comprométese a poñer os hortos a disposición dos/as adxudicatarios/as debidamente preparados: co solo fértil e auga para a rega, almacén para as ferramentas e outros enseres, así como cercado perimetral.

2.-O Concello encargárase do correcto mantemento dos servizos comúns para os/as usuarios/as.

3.- A xestión do proxecto será responsabilidade do Servizo de Formación e Emprego do Concello de Culleredo, onde un equipo técnico implicarase na execución do proxecto, coordinando e dirixindo todas aquelas actividades relacionadas directa e indirectamente co mesmo.

Este servizo encargárase de xestionar a lista de espera e tramitar as autorizacións, velar porque toda a actividade se axuste ao regulamento, encargárase da correcta administración e de cumprir e facer cumprir o presente regulamento.

4.- O Concello desde a Área de Formación e Emprego encargárase de xestionar a formación teórica práctica sobre agricultura ecolóxica e xestión ambiental dos hortos, á que tódolos/as adxudicatarios/as deberán asistir.

5.-Correrá a cargo do Concello a realización das obras necesarias para a conservación e mellora das instalacións, así como o mantemento do entorno, salvo cando se estime conveniente que se faga pola Comunidade mediante acción común.

Artigo 14. Dereitos dos/as usuarios/as.

14.1. Os/as usuarios/as dos hortos terán dereito a:

- a) Traballar a parcela adxudicada e o usufructo dos produtos obtidos.
- b) Formar parte con voz e voto da comunidade de usuarios/as.
- c) Dispor dun espazo cuberto para gardar ferramenta, produtos, roupa e outros enseres.
- d) Participar en tódalas actividades que se programen.

14.2. Un carné que acredite a súa pertenza aos Hortos urbanos de Culleredo e a súa comunidade. Dito carné será expedido polo Concello de Culleredo e no mesmo figurará unha fotografía do/da titular, consignando os seus datos persoais e os do/da cotitular, e o número de parcela e almacén que lle foran asignados.

Artigo 15. Óbrigas dos/as usuarios/as.

Os/as adxudicatarios/as dos hortos deberán:

- a) Facer uso correcto de tódalas instalacións e manter en todo momento limpa e ben coidada a súa parcela. Queda prohibida a instalación de casetas, quioscos, sillas, bancos ou calqueira tipo de instalación, salvo autorización municipal.
- b) Manter unha relación o máis correcta posible co resto dos/as usuarios/as.
- c) Consumir únicamente a auga necesaria para a rega.
- d) Reciclar os restos orgánicos derivados do cultivo da súa parcela e depositar en contenedores o resto de desperdicios.
- e) Asistir ás reunións e convocatorias que se establezan como obrigatorias.
- f) Comunicar ao Concello as anomalías que observe, a fin de darlles solucións a maior brevidade.
- g) Os produtos dos hortos non poderán ser obxecto de venda, debendo estar destinados ao autoconsumo.
- h) Reparar ou repoñer os elementos que se deterioreen na súa instalación.
- i) Deixar en bó estado o horto ao finalizar a autorización, e devolver as chaves e enseres recibidos.
- j) Non poñer separacións artificiais nen cercados entre hortos nen hacia zonas comúns
- k) Levar consigo o carné nas distintas actividades, principalmente cando se esté traballando nos hortos.

Artigo 16. Réxime de asistencia.

1.- Ao principio de cada ano o usuario disporá de tres puntos. A falta de asistencia a reunións, accións comúns e outras convocatorias obrigatorias, sen a debida xustificación, determinará a perda dun punto por cada falta.

2.- A perda total de puntos nun ano será causa de extinción da autorización.

Capítulo V. Normas dos hortos.

Artigo 17. Normas xerais.

- 1.- Os/as usuarios/as dos hortos terán a misión de velar polo bó funcionamento de todo aquilo que esté relacionado coa utilización das parcelas e dos espazos comúns.
- 2.- Cada usuario/a ten a obriga de manter limpa e en bó estado o seu horto.
- 3.- Os hortos dedicaranse exclusivamente a actividades agrícolas para a obtención de hortalizas, froitos e froes. Non está permitida a plantación de árbores nen arbustos que den sombra, nen realizar obra algunha de fábrica.
- 4.- Coidarase de non poñer plantas altas que den sombra aos hortos veciños, non podendo exceder a súa altura en ningún caso dos dous metros e medio.
- 6.- Non se poderá modificar a delimitación das parcelas, nen realizar operacións de segregación nen agregación das parcelas.
- 7.- As zonas comúns estarán sempre limpas e ben coidadas, seguindo as instrucións do/a Técnico/a responsable.
- 8.- Queda prohibida a introducción de vehículos á zona de hortos, salvo en casos excepcionais e con permiso do/a Técnico/a responsable.
- 9.- O Concello está exento de responsabilidade polos danos, que ponderan sufrir ou causar os/as usuarios/as, derivados da actividade, así como os danos que ponderan ocasionar istos a terceiras persoas.

Artigo 18. Normas específicas sobre o uso da auga.

- 1.- Como ben escaso que é, no seu consumo deberá observarse o máis estricto dos coidados.
- 2.- Queda prohibido utilizar a auga das fontes para regar. Asimesmo prohíbese expresamente o lavado de vehículos o cualquera outro uso para finalidades alleas ao obxecto da actividade de cultivo.
- 3.- En xeral, serán obxecto de cumprimento as normas adicionais establecidas polo Concello de Culleredo ou pola comunidade dos hortos en relación co uso da auga.

Artigo 19. Normas específicas sobre a fertilización dos hortos.

- 1.- Na fertilización deberanse aportar ao solo os nutrientes naturais que sexan precisos.
- 2.- A fabricación de compostaxe para a correcta fertilización das parcelas, será a cargo de cada usuario/a.

Artigo 20. O horto ecolóxico e os tratamentos fitosanitarios.

- 1.- O tipo de agricultura que se practicará será tradicional e ecolóxica, quedando expresamente prohibido o uso de produtos fitosanitarios e fertilizados químicos de síntese non autorizados pola lexislación vixente en materia de agricultura ecolóxica.
- 2.- Farase unha horticultura sostible a fin de manter o solo en perfectas condicións para os/as futuros/as usuarios/as.
- 3.- Poñeranse en marcha procesos ecolóxicos para o tratamento integral dos hortos, realizando novas experiencias de tratamentos non agresivos co medio.

Capítulo VI. Organización dos hortos.

Artigo 21. Organización.

A organización dos Hortos Municipais responde ao sistema de réxime comunal, para organizar os traballos comunais, os talleres, as actividades formativas, as excursións, as charlas e acordar en cada caso o que proceda.

Artigo 22. A comunidade dos hortos.

- 1.- A comunidade estará formada polos/as titulares de cada unha das parcelas, que terán voz e voto, presidida polo/a funcionario/a municipal que actúe como coordinador/a da actividade.
Será obrigatoria a asistencia de alomenos un/unha dos/as titulares por cada parcela.
- 2.- A comunidade adoptará tódolos seus acordos por maioría simple dos/as asistentes. A cada parcela correspóndelle un voto na comunidade.
- 3.- Correspóndelle á comunidade adoptar os seguintes acordos:
 - a) Adoptar a periodicidade das súas sesións, o número de usuarios/as a instancia dos/as cales debe convocarse unha sesión extraordinaria e, en xeral, o seu réxime de funcionamento.

b) O nomeamento dun/dunha delegado/a de entre os usuarios/as, que actuará como representante destes ante o Concello de Culleredo.

c) Propoñer a programación anual das actividades.

d) Propoñer o establecemento dos traballos en acción común de obrigatorio cumprimento.

e) Propoñer o establecemento das tarefas de interés común e a fixación das quendas para a súa realización.

f) Propoñer o establecemento de normas de funcionamento adicionais ás establecidas pola presente ordenanza.”

Culleredo, 22 de xuño de 2010.

O Alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego.